



Asun Louzán Tomé, mestra de vida

Ledo Regal, Tareixa e Santos Pena, Elvira.
Edita a Asociación M. C. G. Exeria. 220 páxs.

Maite Pérez Vázquez fai a revisión lingüística. Maquetación e deseño de Marisa Vidal Collazo.

Cinco mulleres da Asociación M. C. G. preparan esta publicación que presenta na portada unha foto de Asun erguendo unha lumieira. Os seus ollos perséguena cunha mirada que chega máis alá do símbolo. Esta foto está feita pouco tempo antes da súa morte. Porque Asun deixounos por sorpresa o día 24 de febreiro de 2015

E falando de símbolo, para min que a vida de Asun foi sempre todo un «símbolo». Non quero descubrir os segredos do libro, porque gustaríame que quen me está a ler os descubra en directo.

A apertura do texto ábrea unha cita de Oseas: *Roxe o Señor coma un león (11, 10) «e transmitiume a fereza de loitar pola miña dignidade de muller deslexitimada»* (escrito por Asun

o 1/1/2013). A frase expresa suficientemente cal era a conciencia da súa vida. Xa escribín noutra ocasión, como nun encontro de M. C. G. en Cambados, e durante un tempo libre que case todas empregaron en pasear, ela e mais eu sentamos a falar, e gardo una lembranza moi positiva desa conversa. A pesar de que o que falou non foi todo en clave de «marcha triunfal» ... houbo fondas feridas pero eu diría, que ela soubo convertelas en valores, aínda que o seu corpo gardara cicatrices.

Participou na Asociación de M. C. G. dende a súa fundación. E foi «membra» activa, pola súa presenza e pola súa participación. Permanente voluntaria para todo o que fose participación e responsabilidade. De verdade que a min sempre me chamou a atención a súa «discreta» participación.

O libro de Elvira e Tareixa sabe recoller no seu limiar e nos outros seis capítulos, unha

lembranza que dá a coñecer, polas súas palabras e os seus feitos, o valor dunha muller plena, comprometida coa súa fe, coa súa familia, co seu País, co seu traballo de mestra, coa súa parroquia na que foi catequista moitos anos, coa asociación de M. C. G. Exería e con toda persoa que a necesitase nun determinado momento.

Soemos dicir que cando una persoa morre, rodeámola de loubanzas... pois eu «*podo prometer e prometo*» que todo o que digo hoxe o dixen máis dunha vez mentres ela viviu, é certo.

Asun, acórdade de nós, para que saibamos vivir coma ti, mulleres, cristiás, e galegas!

Engracia Vidal